

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 30/12/1973

Colección:

Data: 30/12/1973

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Maruxa Seoane; Luís Seoane;

Orix:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Temáticas:

Artes; Autores/as; Espazos artísticos; Medios de comunicación; Prensa escrita;

Mencionados:

Francisco Fernández del Riego; Urbano Lugrís; Xurxo Patiño; Alfonso Paz-Andrade; Pilar Rodríguez de Prada;

Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 30/12/1973

VIGO, 30, Nadal, 1973

Queridos Luis e Maruxa:

Andaba escrito que o Ano tería que rematar con malas novas. O día de Noiteboa enterramos a Urbano Lugrís en Pereiró. Agora recibimos, a traves de Paco del Riego, noticia da morte de tua nai (q.e.p.d.), en Xixón. Nunca a fala se fái mais pouco expresiva, que cando chega a vida d-un unha proba semellante a que estades pasando. Estamos a compartir na lonxania a vosa door. E ben pouco, pra tan abraiante pancada. E canto os amigos podemos. Diante da fatalidade irrecurrible non se abriu ainda ningun camiño confortador, e samente o tempo, e a vida que sigue correndo, poden proporcionar cicatrización.

O pobre Lugrís derrubouse d-un día pra outro. O seu xenio persoal, desordeado e

sin liña firme nin siquera fronte a vida, viña mascarando a gravidade das suas doencias. Maormente do corazón, que deixou de latexar cando semellaba voltar ao seu. Costoulle traballo a Patiño, o de Librouro, internal-o no Hospital, pois sinteuse agudamente doorido na rua, cando rubía a costa que da Rúa do Príncipe leva a librería. Nos mesmos días, sin saber que se atopaba doente, e como outros anos, andabamos Alfonso i-eu a procura do pobre amigo pra non deixar que pasara a Noiteboa isolado. Non pudemos senon acompañal-o no camposanto, pois xa o levaran ao depósito de cadavres.

A prensa galega, fói inxusta, por cativa valoración, con este valor que perdemos. Somenta a Voz de Galicia fixo algo mais digno, como de cote sucede. A xordeira dos outros, a insensibilidade, a cativez... e pra provocar desespero.

Nada mais. Estamos a vosa beira na amargura d-esta hora. Moitas, longas apertas de

Valentín

Ya sabéis cuánto os quiero, por eso vuestras penas y alegrías las siento profundamente. En estos días os recuerdo y recuerdo a mi madre.

Un abrazo con el cariño de siempre.

M^a Pilar

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.